


Documento distribuído por
 culturagalega.org

As mulleres industriosas nas tenerías de Santiago

Autora: Encarna Otero Cepeda



Consello da Cultura Galega
Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)
Tfno: 981957202 / Fax : 981957205 / xenero@consellodacultura.org

As mulleres industriosas nas tenerías de Santiago

As vinteseite fábricas de curtime que chegou a ter Santiago entre os séculos XVIII, XIX e XX teñen tamén nomes de mulleres na súa andaina. Que Compostela fose un centro industrial do coiro dos máis importantes en Galiza e no reino das Españas está vinculado á súa capacidade de dispor de auga, cascallo, coiros e tamén un mercado de consumo vinculado ao clero, á fidalguía e mesmo á burguesía industriosa que tiña neste territorio, ademais dos apoios cos que contou, tanto de organismos económicos como a Sociedade Económica de Amigos do País, como de persoeiros políticos como foi o caso do Alcalde, José Sánchez Villamarín, un dos representantes máis importantes do federalismo rexionalista dos anos da Primeira República (1871-76). A importancia desta actividade recollérona nas súas crónicas da cidade autores como Pérez Constanti, Neira de Mosquera, etc. Tafonas, pelamios e píos, topónimos aínda vivos na cidade de Compostela, dan boa conta deste pasado industrioso da cidade.

Nesta actividade industrial tiveron un grande protagonismo determinadas familias, moitas delas de orixe vasco-francés, das que aínda permanecen descendentes con apelidos ben coñecidos na cidade: Harguindey, Juanatey, de la Riva, son algúns deles.

Moitas foron as mulleres que, por casamento ou viudedade, aportaron dote ou xestión directa ás tenerías de Compostela: viúva de Vieites, María Elizalde, María Garra, Josefa Ollarzabal, María Berdiales, Inés Legeren, María Dainciart, Juana Broussain son os nomes de algunha destas mulleres industriosas, empresarias e, moitas veces, titulares e xestoras da propia fábrica. A obra de Xoán Carmona e María Teresa Fernández “A Compostela Industrial” recolle as actividades dalgunhas destas mulleres.

Juana Broussain



Foi cecais unha das mulleres que tivo máis iniciativa para manter, administrar e mellorar o patrimonio familiar e, sendo viúva, transmitirlo en mellores condicións aos seus descendentes. Administrou a fábrica de Picaños (hoxe desaparecida) e a de San Nicolás de Sar (hoxe en rehabilitación).

Como os seus fillos, nun primeiro intento, non tiveron éxito na continuidade da produción, foi ela a que recuperou as fábricas, pagou as débedas atrasadas nas rendas forais e, no ano 1870, deixou ao seu fillo Juan as fábricas de Sar e Picaños saneadas, en estado de produción e actividade e mesmo con innovacións tecnolóxicas como a introdución do vapor na de Picaños .

Fotografía de Juana Broussain feita por Chicharro a finais de 1860.



Viúda de Vilomará e Hijos

Con este nome de casa comercial xestionouse a fábrica de Ribeira de San Lourenzo-Santaló da que era titular Dona Juana María Sotomayor Martín tras a morte do seu marido e durante catro anos (1830-1834) sendo a súa filla, Francisca Vilomará Sotomayor a que vai herdar esta propiedade que administrará, xunto co seu home Manuel Santaló, catalán natural de Vich, até a morte dela.

María Dainciart


Aparece no ano 1850 como empresaria titular da fábrica de Casas do Rego (hoxe en rehabilitación). A súa xestión foi de tal eficacia que, no ano 1854, era unha das tres tenerías compostelás que máis produción xeraba. Vai continuar ao fronte desta fábrica até o ano 1857.

María Rius

No ano 1841 aparece tamén outra muller como propietaria doutra fábrica de coiros. É María Rius que figura como titular no expediente do Concello baixo o epígrafe “Fábricas e industrias” na tenería de Cubeiro (hoxe en rehabilitación).

María Garra

Cecais a empresaria máis innovadora foi Dona María Garra, que dirixiu a fábrica do Carme de Garra-Harguindey (hoxe é un núcleo residencial co uso de vivenda).



Na xestión desta fábrica María Garra foi unha empresaria arriscada e innovadora. No ano 1856, na súa condición de viúva, levou directamente a fábrica de curtidos. Unha vez que recuperou o capital co que tivo que apartar á parte da familia pola herdanza dos seus irmáns defuntos, emprendeu unha nova etapa na fábrica do Carme durante a segunda metade do século XIX con enormes esforzos de investimento para innovar e así introduciu grandes melloras das cales unha das máis importantes foi substituír o tradicional muíño de casca por unha máquina de ferro moderna que

funcionaba cunha roda hidráulica de madeira de carballo, o que permitiu aumentar o número de píos e, dese xeito, aumentar tamén a produción e mellorar a calidade dos coiros desta tenería.

Eis somente unha pequena pinga de auga no hermo inmenso de silencio que as mulleres industriosas, innovadoras, científicas, xeneradoras de traballo e empresarias teñen aínda na historia da economía e do fomento de actividade en Compostela, e por ende, en Galiza e que o estudo e a investigación debe axiña resolver.

Marzo de 2008

Fontes:

- Xoán Carmona Badía e María Teresa Fernández Vázquez *A Compostela Industrial. Historia e pegada das fábricas de coiros no concello de Santiago*. Consorcio de Santiago, 2003
- Arquivo Histórico Universitario de Santiago
- Arquivo da Sociedade Económica de Amigos do País